

# Ben. Ou queres que entremos en detalles?

(18:44 H.) 21 DE MAYO DE 2019

Ser unha estrela apagada do Galician Star System mete unha grande responsabilidade. Un non pode ir vestido á vaiche boa. Como debía ir á Gala do Libro Galego, en Santiago, abrín unha enquisa en Twitter para que os afeccionados ás miñas camisetas elixisen unha.

JAUREGUIZAR

CESÁREO SÁNCHEZ IGLESIAS

MANUEL BRAGADO



A PRIMEIRA camiseta poñía unha frase de Stephen King: "En Derry ninguén pode escoitar os teus berros". A segunda era o lema do maio do 68 en París: "Baixo o pavimento está a praia". As votacións foron escasas, e motivadas por unha mestura de amizade e misericordia. A maioría decidiu que vestise a segunda. Cristina Lombao confirmou na porta do Teatro Principal que me quedaba "ben, mellor que a de 'Liberté, égalité, Beyoncé', que che fai moito voo". Moito voo. Cristina é discreta. Pese aos seus ánimos a non me atrevín a comparecer no photocall situado na entrada. Tamén é certo que

non me presento ás municipais. Martiño Noriega, si. Fotografouse, pero non volvían atopalo. O alcalde compostelán sabe que a mecánica política é a mesma con vella ou con nova política.

Mentres agardaba a que empezase o acto estiven falando con Camilo Franco e quitándolle un fío perdido ao traxe azul de Lois Pérez. Estaba buscando o lugar no que servían o cóctel e atopei a Elena Gallego. Para cando quixen reaccionar, ela xa se me presentara e me estaba pedindo que lese o quinto libro da serie de Dragal, que vai publicar proximamente.

—É que quero que o lea xente que le libros e que me diga o que lle parece.

A Carlos Reigosa entrevísteiño por unha novela sobre Merlín. Ao rematar, quitou un exemplar, preguntoume como me chamaba e dedicoume: "Vaiche gustar. Con cariño. Carlos". Ben, Reigosa nunca dubidou de que lle fose ler a novela; Elena foi máis discreta.

A petición de Gallego podía estar motivada porque pensaba que lera os catro anteriores — confésosche que non, Elena— ou porque lle importaba nulamente que os tivese lido, que semella a resposta correcta.

Antes de sentar na platea granate saudei a Daniel Salgado. Reiterei o meu amor polo seu grupo Das Kapital; el aproveitou para anunciarme o novo proxecto musical: Vietcong. E eu que pensaba que a música soviética se limitaba aos Coros e Danzas do Exército Ruso... Tamén puideren saudar a Manuel Bragado, que acabou premiado polo mellor proxecto literario na rede. Como comentaba Pedro Feijoo, con todo o que este home fixo pola edición, os autores, as librarías e o galego; queda curto ese recoñecemento. O mínimo sería premialo pola traxectoria para empezar a devolverlle todo o que desenvolveu como editor de Xerais, entre outras moitos cargos.

Tropecei con Valentín García Gómez, o político máis afable do país.

—Jaure, vou para un palco alto para ver se me caen menos —confesoume. Valentín amosa un bo coñecemento da séptima lei gravitatoria de Newton: *Canto máis elevado se atopa un corpo, menos probabilidades hai de que lle caia outro enriba.*

*Siro López gañou cun libro sobre Castelao. Reiterou o discurso —non lle coñezo máis— de que el —e ninguén outro— debía ser quen fixese esa obra sobre o rianxeiro*

Saudei a Marilar Aleixandre.

—Como estás, Marilar?

—Ben. Ou queres que entremos en detalles? —contestou dándome a clave para comprender a cultura galega.

Apagáronse as luces e empezou Iria Pinheiro a improvisar. Ten experiencia e mecanismo, coma Martiño; pero ás veces confía demasiado na súa capacidade e chegou ao improprio con Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG e un dos señores que a contrataran. Empezaron a cantarse os premios. Siro López gañou cun libro sobre Castelao. Reiterou o discurso —non lle coñezo máis— de que el —e ninguén outro— debía ser quen fixese esa obra sobre o rianxeiro porque unicamente el demostra que Castelao non plaxiou á vangarda europea do seu tempo, como tantos sospeitamos. Teño unha mala noticia para Siro: á volta dunha década ninguén saberá quen foi Castelao, así que excusa de xustificalo.

Chamoume a atención o discurso de agradecemento de Iolanda Zúñiga, gañadora coa novela *Natura*. O seu editor, Francisco Castro, leu o seu discurso porque ela estaba traballando, como é normal entre os escritores deste microsistema literario. Argumentou o seu paso de Xerais a Galaxia cun arco metafórico que me pareceu innesario. Se marchas dunha editorial a outra é porque che interesa, pero non precisas pedir expiación. Comenteino en Twitter e Iolanda contestoume que era un cariño. Hai corazóns de grande capacidade volumétrica.

Antón Costa agradeceu o seu recoñecemento cun longo recitado de autores. Antes de saír da casa confundiu o discurso que preparara cunha lista de bibliografía; pero, cando menos, preparara algo. Abundaron os premiados que aseguraban que nin pensaran as palabras de agradecemento. Encántanme: preparas un vestiario sofisticado, vas a Santiago, buscas aparcadoiro, asistes á gala e non levas discurso porque ti es humilde a rachar. A miña

proposta para os organizadores é que dean de baixa a todo candidato que non presente unha tarxetiña amarela cuns paragrafiños. Resulta doado: agradecementos ás compañeiras que os aturan e lles pemiten escribir, e aos seus nenos, que lles dan a enerxía para vivir. Cando se vai a unha entrega de premios vaise para levalos; se non, quedas na casa amañando o motor do cortacésped.

Un detalle común dos premiados é que todos teñen *compañeira*; é dicir, non están casados. Algo fixen mal porque a miña muller ameazou cunhas tortuosísimas consecuencias legais se non acudíamos a un xulgado de garda aquela mesma madrugada. Ela non me atura cando escribo. Non lle interesa un carallo nin lle parece motivador estar casada cun novelista. Falando de sexo, houbo un rapaz de chaqueta verde e lentes de pasta a xogo que non me quitou ollo en toda a cerimonia —ou iso quixen presumir eu—. Era ben guapo. Nunca tanto lamentei a miña heterosexualidade.

*Cesáreo volveu queixarse de que o galego está en estado vexetal e que a Xunta quere desconectar o respirador.*

O acto concluíu co discurso de Cesáreo Sánchez Iglesias. Eu pensaba que representaba aos escritores, editores e libeiros; que falaría de reivindicacións e achegaría solucións, e que o faría con frases sinxelas dado que a súa intervención estaba motivado polo seu cargo, non pola súa bilbiografía. Pero non. Volveu queixarse de que o galego está en estado vexetal e que a Xunta quere desconectar o respirador. Non, el non o dixo así, senón en endecasílabo pechado. Fala con tal cadencia onírica que temo que nin Valentín sentiu os coitelos lanzados.

—Este ano foi suave, Jaure —apreciou o secretario de Política Lingüística cando rematou a sesión.

As primeiras palabras de Cesáreo deberían ter sido: "En San Caetano ninguén pode escoitar os teus berros"; pero dixo o esperable, como case todo na cerimonia. Non faltaron dúas referencias á necesidade de parar o fascismo —como se fose posible encauzar a rabia— e unha aos "presos políticos". Nunca dei atopado o matiz político en rebentar un caixeiro no que podería ter entrado calquera. Como elemento exótico, unha señora portuguesa mandou un vídeo para afirmar —nunca o pensaría— que se sentía escritora galega. Esas declaracións, non por máis cónicas, deixan de entusiarmanos. Como dentro de

pouco non teremos escritoras galegas, nin escritores galegos, debe resultar exótico proclamarse como tal. O galego está na area, baixo o pavimento e ninguén vai quitalo de aí.

Cesáreo leu un poema da tal señora do vídeo no que se repetía ‘sexo’. Resultoume tan excitante que decidín quedar ao cóctel e á gamba. Observei que unha muller se facía forte na mesa de empanadas, polo que ocupei a outra banda. Xa que me convenceran de que o galego vai morrer e de que os gobernantes son impermeables ás bágoas polo deceso, botei a falar de empanadas.

Non tardaron en pasar por alí os xornalistas favoritos na miña listaxe de xornalistas galegos: Daniel Salgado e Montse Dopico. Ambos compartían candidatura derrotada co Táboa.

—Gañou Luzes por estética: son máis guapos e teñen páxinas en cor.